



O Deportivo da Coruña afronta o seu tan agardado regreso a Primeira División cunha grande incógnita arredor das dúas grandes estrelas de Abegondo nos últimos anos. As molestias pola pubalxia de Yeremay Hernández e a recuperación aínda en marcha da grave lesión de xeonllo que sufriu David Mella obrigan Antonio Hidalgo a rearmar de novo o seu ataque procurando solucións como mover Mario Soriano máis cara á banda, unha estratexia que precisaba da chegada dun carrileiro con profundidade que agora o adestrador catalán xa ten ás súas ordes: Angeliño.

Texto Daniel Llácer + Foto RC Deportivo

Adestramento do Deportivo en Coverciano (Italia), onte.



O técnico do Dépor, pendente de Yeremay e Mella

A encrucillada de Hidalgo no retorno á elite

O próximo domingo 17 de agosto será unha data que pase á historia na deportivismo como o fin dunha longa e escura viaxe polos infernos do fútbol estatal para o conxunto herculino. 3.012 días despois, A Coruña volverá ver o seu equipo xogar na Primeira División e o Elx, equipo que conseguiu ascender a Primeira en Riazor na tempada 2024-25, será o encargado de lle dar a benvida.

Tras lograr o ansiado ascenso, o Deportivo atópase agora na perigosa mais ilusionante liña de saída de LaLiga EA Sports. No temón do barco atópase Antonio Hidalgo, o adestrador que asumiu a responsabilidade de liderar este ambicioso proxecto desde a súa chegada en 2025. Hidalgo, un técnico metódico, moi próximo ao xogador e obsesionado coa solidez estrutural, ten ante si un desafío enorme: configurar un once plenamente competitivo sen a certeza de contar, ao cento

por cento, cos dous xogadores máis desequilibrantes, carismáticos e queridos por toda a fiel bancada de Riazor. As recuperacións de Yeremay Hernández e David Mella, os dous principais puñais nas bandas do conxunto branquiazul, son as grandes sombras no eido deportivo que pairan hoxe sobre o ilusionante regreso branquiazul.

O caso de Yeremay é, quizais, o que máis frustración xerou tanto no propio futbolista como no corpo médico debido á natureza tan traizoeira da súa doenza. O extremo, que marabillou a bancada cos seus caneos e do que moitos falaban como un serio candidato para vestir a elástica da selección do Estado español tras as súas maxistrais actuacións, sufriu un auténtico calvario nos últimos meses de compedición da pasada tempada por culpa dunha severa pubalxia.

Todo estourou no mes de marzo, tras unha expulsión ante o Eibar que lle permitiu parar e ser consciente de que o seu corpo simple-

mente non daba para máis. A dor na zona da pube, unha afección tremendamente limitante para calquera xogador pero moito máis para un cuxo xogo se basea nas arrancadas, as fintas constantes e os cambios de ritmo explosivos, obrigouno a ser baixa indefinida durante un tempo. Como el mesmo recoñeceu o pasado mes de abril, tratouse dunha lesión "moi de cabeza", onde os altos e baixos anímicos foron constantes no seu día a día. Até o momento non foi quen de contar con minutos de xogo en ningún partido amigábel, restando unicamente o de hoxe ante o Genoa (20.45h) Teresa Herrera ante o Real Madrid o próximo 12 de agosto (21h), mais xa completa adestramentos de forma progresiva co grupo desdende a derradeira semana do mes de xullo, polo que haberá que esperar para poder ver o seu mellor nivel sen correr ningún risco nunha Primeira División que é moito máis exixente para o físico.

Se a situación de Yeremay non é alentadora no curto prazo, a de

Mella semella ser peor. O eléctrico xogador de Teo viu freada en seco a súa meteórica progresión o pasado 8 de marzo durante un enfrentamento ante o Granada en Riazor. Nunha acción fortuítu cando se internaba na área, sufriu unha grave lesión no ligamento lateral externo do xeonllo esquerdo. O xogador tivo que trasladarse a Madrid para ser intervido cirurxicamente dez días despois polo prestixioso doutor Manuel Leyes no Centro Olympia, enfrontándose a catro meses dunha longa recuperación. Agora, inmerso na recta final dese proceso, xa é quen de adestrar cos seus compañeiros, pero o que máis preocupa non é só a fortaleza do seu xeonllo, senón o seu estado físico en xeral, que tras moitos meses parado ou facendo exercicios de recuperación aínda ten que amoldarse e recuperar o ton para estar ao nivel dunha das mellores ligas do mundo.

A dirección deportiva do Deportivo, comandada por Fernando Soriano por cuarta tempada



Pr: Diaria
Tirada: 4.042
Dif: 2.632

Secc: DEPORTES Valor: 955,66 € Area (cm2): 507,4 Ocupac: 59,73 % Doc: 2/2 Autor: O Deportivo da Coruña afronta o seu tan Num. Lec: 18000



NA PUNTA DE ATAQUE AUBAMEYANG É FIXO E A SÚA PARELLA FLUTÚA ENTRE NSONGO E ZAKA

consecutiva, estivo rápida á hora de adquirir novos xogadores que poidan, polo menos de maneira temporal, facer esquecer a baixa das novas estrelas branquiazuis. A estratexia foi clara: rodear a base do equipo con veteranos e talento novo. A fichaxe que revolucionou a cidade foi a de Pierre-Emerick Aubameyang, unha aposta incríbel que alcanzará moitísimo liderado. Nas bandas, o club investiu fortemente en Jonathan Asp Jensen, traído desde o Bayern de Múnic por seis millóns de euros, ademais de xogadores prometedores

noutras áreas como Amatucci, Gijsselhart ou Bright Ede.

As alternativas no caso de non poder contar, por enriba de todo, con Yeremay de cara ao inicio ligueiro pasan por una lixeira reestruturación do sistema. Sen o canario non hai outro xogador de características similares no plantel, agás o mozo Kevin Sánchez, que xa ten xogado na esquerda a pesar de que a súa posición natural é a de dianteiro. Polo visto nos recentes amigábeis por parte de Hidalgo un dos sistemas posíbeis cara ao primeiro día podería ser mudar a un 4-4-2 cunha dupla de pivotes, Luismi Cruz na banda dereita, Mario Soriano como enganche mais escorado cara á esquerda facendo case a función de extremo e unha dupla de dianteiros na que o indiscutíbel é Aubameyang e a súa parella flutúa entre Eddahchouri e Nsongo. Con este esquema o lateral esquerdo debe adoptar unha profundidade superior á do seu compañeiro no carril

O PENÚLTIMO TEST DO DÉPOR, ANTES DO TERESA HERRERA, SERÁ ESTA NOITE ANTE O GENOA

contrario ao non ser Soriano un xogador puro de banda.

A dualidade dun curso no que debe primar a ilusión

O verán do Deportivo no eido estritamente deportivo está a ser realmente ilusionante para os seareiros branquiazuis. A chegada de xogadores coma Aubameyang, Angeliño ou Leo Román, sumada aos fichaxes pasando pola caixa de grandes clubes coma é o caso de Asp Jensen, volve a pór o club nas conversas de todo o fútbol estatal. Un verán idílico no que tamén se deu a coñecer o novo himno —Voa, composto por Xoel López— que se viu marcado de súpeto por unha controvertida campaña de abonos.

No verde o papel do Deportivo está ser case perfecto nos derradeiros anos, mais é vital non esquecer a unha bancada que mantivo en pé a un equipo que hai só uns anos estaba destinado a dicir adeus sen un cambio de rumbo. As decisións de rexistros, obrigatoriedade de renovacións presenciais e unha gran suba dos prezos tempada acabou por romper as relacións dunha gran parte da bancada coa plana superior deportivista, sen chegar a acordos entre eles a pesar de manter diversas reunións ao longo do verán en diversas ocasións.

A dirección deportiva tenta apagar ese lume, sen efecto, cunha fichaxe que encaixa á perfección coa filosofía deportivista, o lateral esquerdo Angeliño. A chegada do lateral, con ampla experiencia na elite europea, non só supón unha inxección de calidade e identidade galega ao vestiario, senón que resolve o quebracabezas táctico: sen extremos puros pola pubalxia de Yeremay e apostando por situar Soriano como enganche metido cara ao extremo, o equipo precisaba urxentemente dun carrileiro longo e con profundidade.